



DECRETO

Nº Expediente: 2020/EGFAB/000193

Antecedentes

1º.- Nas Bases de execución do Orzamento do Concello para 2020 contéplase a concesión dunha subvención nominativa á entidade Marino de Mera, C.F. por importe de 2.500,00 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar os gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol.

2º.- Con data 24 de novembro de 2020 e núm. de rexistro de entrada 2020016499 o Marino de Mera, C.F. presenta solicitude de axuda económica para facer fronte aos gastos derivados de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol, achegando tamén diversas facturas xa abonadas.

3º.- En data 15/12/2020 foi emitido informe-proposta polo Técnico Municipal de Deportes, no que fai constar que foi comprobado que a entidade se atopa ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros, e propón a concesión solicitada.

4º.- A Intervención Municipal emitíu informe favorable o 17/12/2020.

Polo exposto, considerando que de acordo co disposto no artigo 6, apartado a) das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas e no artigo 28º.10 das mesmas, e que forman parte das Bases de Execución do Orzamento para 2020, a Alcaldía é o órgano competente para a concesión,

RESOLVO:

1º.- Autorizar e dispor un gasto de 2.500,00 euros, para facer fronte á subvención que se sinala no punto seguinte, con cargo á aplicación orzamentaria 81.3341.48901 (RC-202000039924).

2º.- Conceder ao Marino de Mera, C.F., con C.I.F.: G701093376, con enderezo na Rúa das Escolas, nº 6 – 15177 Serantes (Oleiros), a cantidade de 2.500,00 euros (dous mil cincocentos euros), en concepto de achega para gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol afrontados pola entidade no ano 2020.

3º.- Requerir á entidade interesada para que no prazo de tres días hábiles, contados a partir da recepción da notificación deste acordo, presente certificado expedido polo Secretario da mesma ou persoa a quen corresponda a facultade, acreditativo do acordo adoptado pola Xunta Directiva polo que se acepta a subvención concedida. Asemade, no mesmo prazo, deberán presentar os xustificantes de gasto e pagamento dos consumos correspondentes.





4º.- A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- ✓ Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e mediante as que se acredite o uso dos fondos concedidos, todas elas con data de 2020, e os correspondentes xustificantes de pago.
- ✓ Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

5º.- O pagamento efectuarase despois de presentada a xustificación como se sinala no parágrafo anterior.

6º.- A entidade deberá comprometerse a facer constar que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, a través das súas redes sociais, no momento que coñeza a concesión.

7º.- Notificar o contido do presente acordo ao Marino de Mera, C.F., e comunicalo aos departamentos de Intervención e Contabilidade aos efectos oportunos.

8º.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

